

Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CV en galego

Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ é directora de ADHUC—Centre de Recerca Teoria, Gènere i Sexualitat na Universidade de Barcelona, profesora titular de Estudos Galegos e Portugueses e académica correspondente da Academia Galega. Foi directora do Centre Dona i Literatura (2014-2016). A súa investigación artéllase arredor da crítica literaria feminista, a cultura popular e a teoría das emocións. Publicou numerosos artigos, capítulos e libros sobre cultura galega (Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Seoane, Xohana Torres, Luz Pozo, María Mariño, Ana Romani, Chus Pato, Margarita Ledo, Teresa Moure, María Reimóndez), autoras brasileiras (Carol Bensimon, Hilda Hilst), e mais as escritoras-testemuño da represión franquista e nazi (Mercedes Núñez, entre outras). Desde de 2014 coordina, con Mariám Mariño, *A Saia*, hemeroteca dixital de revistas feministas (coedición ADHUC / Consello da Cultura Galega). É directora de *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal* e forma parte do consello de redacción da revista *Lectora*.

Ámbitos de investigación

estudos de xénero; cultura popular; teoría das emocións; crítica literaria feminista

CV ADHUC <http://www.ub.edu/adhuc/ca/5018>

20/02/2018